



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE A VEIGA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DUN INMOBLE DESTINADO A APARTAMENTOS TUTELADOS NO CONCELLO DE A VEIGA

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de A Veiga o instrumento convencional arriba referido por un período que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de A Veiga para o financiamento de obras de mellora no Fogar Residencial do Concello de A Veiga co fin de posibilitar unha mellor atención ás persoas maiores que precisan deste servizo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de A Veiga, adherido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio do convenio asinado o 14.2.2007, está a levar a cabo o acondicionamento dun inmoble situado na rúa Pateira, nº 32 da Veiga, no Concello de A Veiga, co fin de destinalo a apartamentos tutelados para persoas maiores. Para





rematalo e poñelo en servizo é preciso levar a cabo as actuacións consistentes na envolvente térmica da edificación para a súa impermeabilización e eficiencia enerxética, así como na instalación do sistema de calefacción, debendo completar asemade o mobiliario das zonas común, non dispoñendo de recursos propios suficientes para a a execución destas obras de construción.

Considerando, pois, que o concello non dispón de recursos propios suficientes para levar a cabo as referidas actuacións, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento das obras descritas, dotando así ao Concello de A Veiga dun recurso que posibilite a atención ás persoas maiores deste concello que o precisen, ofrecendo unha alternativa de convivencia que manterá ás persoas maiores dentro do seu propio entorno, e proporcionándolles unha atención integral adecuada ás súas necesidades.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento das obras descritas, considerando que a necesidade destas actuacións e o interese común de posibilitar a posta en funcionamento dos apartamentos tutelados, contribuíndo a mellorar a atención ás persoas maiores do Concello de A Veiga, proporcionándolles unha atención integral adecuada ás súas necesidades, xustifica a colaboración do Consorcio no financiamento destas obras, concretándose esta colaboración co Concello no convenio para tal fin.

Considéranse polo tanto idóneo o financiamento das obras proxectadas para o remate e posta en servizo dos apartamentos tutelados nos termos expostos, co fin de acadar unha mellor atención ás persoas maiores do Concello de A Veiga, dando resposta á necesidade de dotar a este concello dun recurso desta natureza, para o cal é necesario unir e coordinar os esforzos e recursos de ambas as dúas administracións.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento da actuación descrita, considerando o Consorcio Galego de





Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade desta actuación e o interese común de dotar ao Concello de A Veiga de apartamentos tutelados para a atención ás persoas maiores, xustifica a utilización do instrumento convencional para o financiamento das actuacións descritas, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se ditén en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de A Veiga para a realización das actuacións descritas un importe máximo de 349.811,22 euros, con cargo á partida 11.90.311A.7600 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2024.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

